

# GREMLINS

Joe Dante, 1984

# 1216

ESTREA EN NUMAX: 23.12.2023 | +12 | 106 min

Rand é un viaxante que un día agasalla ao seu fillo Billy unha tenra e estraña criatura, un mogwai. Os problemas chegan cando son infrinxidas as tres regras básicas que deben seguirse para coidar un mogwai: non lle dar de comer despois de medianoite, non mollalo e evitar que lle dea a luz do sol.

«Boas doses de humor e algunhas referenzas cinéfilas para unha entrega fantástica e divertida»

Fernando Morales, EL PAÍS



## O poder e a maxia

Por Jonathan Rosenbaum

Como produtor e director, Steven Spielberg parece limitarse a dous temas: o poder e a maxia. O poder que lle interesa é, por suposto, o poder que el controla, e a maxia é o seu médium. Se xuntamos isto á elección como director de Joe Dante, outro cinéfilo, obtemos un filme sobre cinema, unha tripla destilación. O curioso do logro dos *Gremlins* é que fai que ese ensinismamento sexa comercialmente viable ao mesmo tempo que se nega a axustarse a ningún significado social único e sostido. Así como a descrición de Vietnam en *Apocalypse Now* (1979) de Coppola foi deseñada para tranquilizar a falcóns e pombas por igual, *Gremlins* está enxeñosamente ideada para compracer tanto a escépticos como a crentes, a optimistas e pesimistas sobre o estilo de vida estadounidense. Grazas a unha estrutura episódica desconectada que suxire varias películas nunha (unha estratexia que recrea o fluxo fragmentado e descontinuo da televisión), os espectadores dos *Gremlins* están convidados a trazar as súas propias xustificacións para gozar do tesouro escondido de Dante e Spielberg.

Unha xustificación ofrécea a trama da película, que nos achega unha fábula do Nadal ambientada nun universo ao estilo Frank Capra. Rand Peltzer (Hoyt Axton), un inventor bo corazón cuxos enxeños rara vez funcionan, merca un animalíño peludo chamado Mogwai para o seu fillo Billy (Zach Galligan) nunha tenda de curiosidades de Chinatown. Advérteselle que se deben seguir tres regras de mantemento: que non lles dea a luz nin a auga e, sobre todo, nunca darlles de comer despois de medianoite. Ao racharse as normas o mogwai reproducése en varios gremlins máis que evolúen ate se converter en sinistras bestas. Para corroborar o alto ton moral do filme, o vello e sabio comerciante chinés finalmente reclama o mogwai, dando a entender que os occidentais carecen da madurez para tratar con criaturas máxicas.

Até aquí podemos ler o filme moral e decente que entenderán a maioría de espectadores. Pero hai outro filme que tamén pode interesar a algúns espectadores e que podería derivar nunha segunda película que, de feito, ataca todo o que a primeira representa: O Nadal, os Estados Unidos de Norman Rockwell, a sociedade de consumo, a familia... E mentres o lado moral de *Gremlins* pode lerse de dúas maneiras posibles (con cinismo ou honestidade), o lado amoral semella dividirse, como os propios gremlins, nunha infinidade de significados posibles. As bestas malvadas poden lerse de maneira plausible como (a) adolescentes, (b) negros, (c) nativos americanos, (d) bos rapaces, (e) afeccionados aos filmes de Disney (ou de Spielberg), (f) nenos pillabáns, (g) vagabundos (h) calquera outro que queiramos engadir.

Nese sentido *Gremlins* parece un filme ideal para o vídeo doméstico. Parece pedir a berros o botón de pause para detectar as múltiples referencias e significados do filme. Ás veces o máis subversivo que pode facer unha obra de Hollywood é ofrecer exactamente o que se espera dela sen dubidar en perseguir ata o límite as contradicións do seu propio discurso. Quizais ningún espectador poida engulir a beberaxe enteira sen sufrir algo de acidez de estómago, pero temos a garantía de obter algo máis do que esperabamos.